

Tema 3: Tempo e clima

Lista de actividades do tema

Tema 3. Tempo e clima – 3.1. Metereoloxía e climatoloxía


- 1) Explica que diferencia o tempo atmosférico do clima. Cal deles cres que é máis previsible? (Páx. 61, activ. 1).
- 2) Que información proporciona a meteoroloxía? E a climatoloxía? En cal deles buscas información cando vas de excursión ou practicas deporte ao aire libre? (Páx. 61, activ. 2).

Tema 3. Tempo e clima – 3.2. A atmosfera

- 3) Fai un debuxo coas capas da atmosfera explicando brevemente con carteliños as características de cada capa. (Páx. 62).

Tema 3. Tempo e clima – 3.3. Elementos do clima


- 4) Relaciona as características coas distintas zonas climáticas: (páx. 65)



- 5) Elabora un esquema sobre a formación da chuva. (páx. 65)
- 6) Completa o recadro sobre os factores do clima resumindo o máis importante: (páx. 65)

LATITUDE	
ALTITUDE	
DISTANCIA AO MAR	

- 7) Climograma (páx. 72)



- Calcula a temperatura media anual. Representa un clima cálido ou temperado?
- Cales son os meses con temperaturas máximas e mínimas? En que hemisferio situarías este lugar?
- Calcula a amplitude térmica anual. Podería ser un lugar próximo ao mar? Por que?
- En que meses son máis abundantes as precipitacións? En que meses chove menos?
- Cales son os meses secos do ano? Ten en conta que cando a barra de precipitacións se sitúa por debaixo da curva de temperaturas, está indicando meses secos.

8) Que é a presión atmosférica? Como se mide? Como varía coa altitude? (Páx. 67, activ. 14)

9) Completa o recadro (páx. 60)

Elementos do tempo e do clima	Factores do tempo e do clima

Tema 3. Tempo e clima – 3.4. Mapas do tempo

10) En que dirección viran os ventos nos anticiclóns? E nas borrascas? (Páx. 69, activ. 21)

11) Con que tipo de tempo se asocia a presenza dun anticiclón? E unha borrasca? (Páx. 69, activ. 22.)

12) Define fronte. Como se representan as fronte frías? E as cálidas? (Páx. 68.)